



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
DEZAOITO DE XUÑO DE 2026 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde -Presidente : D. MANUEL COSTA CARNEIRO (1º TENENTE-ALCALDE en substitución Alcalde- Presidente)

Tenentes de Alcalde: D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

D^a. DIANA VARELA BARREIRO

Escusan asistencia D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

D^a. MARÍA SUSANA GARCIA LEMA

Secretaria D^a. MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezaioito de xuño de dous mil vinte e seis baixo a Presidencia do 1º Tenente Alcalde MANUEL COSTA CARNEIRO, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21.05.2026).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e un de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Licenzas de obras e parcelamentos.

2.1.- Instancia de dona Marta Domínguez Barros (Expediente número 2026/U018/000002)

Vista a solicitude de licenza para parcelamento de finca en tres parcelas resultantes e unha parcela para regularización da vía pública, parcela de orixe con referencia catastral 15090B50400027, emprazada en Francés - Vilanova (San Pedro), nos termos da documentación técnica achegada asinada por Enxeñeiro Técnico Agrícola, colexiado nº1113 do COITA de A Coruña e de data 14/05/2026, resultando o seguinte cadro de parcelas:

PARCELAS	ORDENANZA DE APLICACIÓN	PARCELA MÍNIMA(m ²)	EDIFICABILIDADE (m ²)	EDIFICADO (m ²)	SUPERFICIE (m ²)
Parcela 15090B50400027-1	N-2	600,00	333,00	0,00	1110,00
Parcela 15090B50400027-2	N-2	600,00	333,00	0,00	1110,00
Parcela 3	R-2	-	-	0,00	3971,00



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Parcela de cesión de terreo denominada 15090B50400027-CES	Aliñación cartografía PXOM	-	-	-	261,00
--	-------------------------------	---	---	---	--------

Á vista do disposto na Resolución da Alcaldía, número 505/2026 do 19/05/2026, de delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Á vista do contido do expediente e dos informes técnico e xurídico municipais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A concesión da licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Francés - Vilanova (San Pedro) nos termos da documentación técnica achegada, de data 14/05/2026.

2º.- Á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión para a regularización da vía nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 03 e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Debe achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

3º.- Aprobación liquidacións do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO).

3.1.- Aprobación liquidación ICIO (Expediente núm. 2026/U026/000012)

Vista a comunicación de obra achegada por don Diego Capdeville D'amato para instalación de piscina prefabricada en PRFV de 7,25x3,65x1,45 e 1,60 m de altura, sobre a parcela con referencia catastral 15090A50700333 emprazada en Neira de Arriba - Ribadulla (San Mamede). Número de expediente municipal 2026/U026/000012.

Á vista do disposto na Resolución da Alcaldía, número 505/2026 do 19/05/2026, de delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Á vista do contido do expediente, acórdase por unanimidade dos asistentes:

Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente, nos termos do establecido na ordenanza fiscal número 2, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras publicada no BOP número 228 do 29/11/2018, que ascende á cantidade de douscentos oitenta e seis euros con vinte e nove céntimos (#286,29#) e que se anexa ao presente acordo con indicación dos prazos de ingreso.

3.2.- Aprobación liquidación ICIO (Expediente núm. 2026/U026/000014)

Vista a comunicación de obra achegada por Andrea Sanjurjo Vaamonde para acondicionamento de local comercial para actividade de salón de peiteado e beleza, sobre a parcela con referencia catastral 7266711NH4376N0001WQ, emprazada en Eiravedra, 19 baixo - Ribadulla (Santa Cruz). Número de expediente municipal 2026/U026/000014.



Á vista do disposto na Resolución da Alcaldía, número 505/2026 do 19/05/2026, de delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Á vista do contido do expediente, acórdase por unanimidade dos asistentes:

Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente, nos termos do establecido na ordenanza fiscal número 2, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras publicada no BOP número 228 do 29/11/2018, que ascende á cantidade de douscentos corenta e nove euros con vinte e seis céntimos (#249,26#) e que se anexa ao presente acordo con indicación dos prazos de ingreso.

3.3.- Aprobación liquidación ICIO (Expediente núm. 2026/U026/000022).

Vista a comunicación de obra achegada por Solar Autoconsumo Fotovoltaico S.L. para instalación solar fotovoltaica sobre cuberta de edificación de 3,27 kWp de potencia fotovoltaica e un inversor de 6 kW nominais de potencia en corrente alterna e un sistema de almacenamento de 7 kWh sobre a parcela con referencia catastral 002305800NH43F emprazada en Tomonde, 3 - Ribadulla (Santa Cruz). Número de expediente municipal 2026/U026/000022.

Á vista do disposto na Resolución da Alcaldía, número 505/2026 do 19/05/2026, de delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Á vista do contido do expediente, acórdase por unanimidade dos asistentes:

Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente, nos termos do establecido na ordenanza fiscal número 2, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras publicada no BOP número 228 do 29/11/2018, que ascende á cantidade de cento trinta e dous euros (#132,00#) e que se anexa ao presente acordo con indicación dos prazos de ingreso.

3.4.- Aprobación liquidación ICIO (Expediente núm. 2026/U026/000026).

Vista a comunicación de obra achegada por José María Couto Mendoza para reparación de cuberta de edificación retirando a tella existente e colocando nova tella tipo Vereja, sobre a parcela con referencia catastral 001001000NH34B emprazada en Paradela, 7 - Sales (San Xián). Número de expediente municipal 2026/U026/000026 .

Á vista do disposto na Resolución da Alcaldía, número 505/2026 do 19/05/2026, de delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Á vista do contido do expediente, acórdase por unanimidade dos asistentes:

Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente, nos termos do establecido na ordenanza fiscal número 2, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras publicada no BOP número 228 do 29/11/2018, que ascende á cantidade de cento setenta e tres euros (#173,00#) e que se anexa ao presente acordo con indicación dos prazos de ingreso.

4.- Propostas da Alcaldía.

Non se presentan.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



5º.- Rogos e preguntas.

Non se formulan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas.